

ECONOMÍA SOCIAL MEETING

[Actividade colaborativa do Foro pola Economía Social Galega]

DATAS REALIZACIÓN	3 de Maio de 2019	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	11:00 – 13:00 h.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Sede de UNIÓN DE COOPERATIVAS AGACA, sita en Rúa Tomiño 22, Entreplanta, 15703 Santiago de Compostela, A Coruña		
PERSOA DE CONTACTO	Higinio Mougán Bouzón	TELÉFONO	981.58.49.11
		E-MAIL	hmougan@agaca.coop

OBXECTIVOS

- **Presentación do CLUSAGA** – Cluster Alimentario de Galicia: interese e servizos ao sistema agroalimentario de Galicia.
 - Presentación da **Primeira Edición da Business Factory Food: aceleradora vertical especializada no sector alimentario**, promovida pola Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), a Sociedade Xestora de Entidades de Inversión de Tipo Pechado (Xesgalicia) e da Axencia Galega de Innovación (GAIN), coa participación das tres universidades galegas, Agaca, Anfaco-Cecopesca, Itg, e Feuga.

PROGRAMA

11:00 h. - Recepción e entrega de documentación.
 10:15 h. - Presentación das entidades e persoas participantes, presentación de CLUSAGA.
 10:30 h. - Presentación da Primeira Edición da Business Factory Food: aceleradora vertical especializada no sector alimentario: retos e programa.
 13:0 h. - Peche do encontro.

CONTIDOS

- O **Cluster Alimentario de Galicia-CLUSAGA** é un referente no sistema de agrupacións de empresas e institucións relacionadas entre si, que pertencen ao sector alimentario galego que colaboran para ser máis competitivas. O Clusaga lidera numerosos e importantes proxectos de innovación aos que poden acceder as empresas como beneficiarias finais dos mesmos. Ademais, o CLUSAGA presta numerosos servizos especializados ligados coa comercialización, consumo e innovación alimentarias
 - Un dos proxectos máis destacado que desenvolve o CLUSAGA é o **Business Factory Food (BFFood), neste intre na PRIMEIRA EDICIÓN**. BFFood é unha aceleradora de empresas que conta co apoio de grandes empresas tractoras do sector, como o Grupo Calvo, Grupo Nova Pescanova, Adegas Martín Codax, Kiwi Atlántico, Clavo Food Factory, CLUN Cooperativas Lácteas Unidas, Quescrem e Torre de Nuñez. Coñecer o modelo BFFood e os retos marcados é de interese para as empresas.

METODOLOXÍA

- Os *Meetings* da Economía Social desenvólvense cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes.
 - Poderán utilizarse medios audiovisuais na presentación da entidade e farase un estrito control do tempo de intervención para garantir a axilidade da xornada.

DIRIXIDO A

Persoas socias de cooperativas e sociedades laborais, traballadoras e técnico@s das entidades do 'Foro pola Economía Social Galega' (Agaca, Cegasal, Aeiga, Aesgal, EspazoCoop), grupos promotores, entidades de asesoramento a cooperativas, persoas técnicas de promoción empresarial e **outras entidades e redes da economía social e solidaria**. || Grupo mínimo: 10 persoas - Grupo máximo: 50 persoas.



ACTIVIDADE COLABORATIVA DO:
 COLABORAN:

Foro pola Economía Social Galega



Esta actividade enmárcase na Programación da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social